

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA:

A aventura de falar, ler e escribir no IES de Pastoriza

NIVEL:

2º ESO (Grupos A, B, e C)

PROFESORA:

Marta Pumares Varela

MATERIA:

Lingua e Literatura Galega

BREVE DESCRICIÓN:

A aventura de falar, ler e escribir no IES de Pastoriza, é un convite para que o alumnado realice diferentes actividades relacionadas coa oralidade, a lectura e a escritura a través da webnode: <http://lingueliteraturagalega.webnode.es>

O alumnado poderá *falar, ler ou escribir* en tres espazos diferentes:

1. **na aula:** espazo que utilizaremos normalmente, onde, ademais das actividades creadas para tal fin (**para falarmos, para lermos, para escribirmos**), incluímos **recursos e xogos**.
2. **na biblioteca:** desde onde teremos acceso ao **portal**, ao **catálogo** e aos materiais do **Club de Lectura**.
3. **no Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística (ENDL):** onde colgaremos diferentes campañas relacionadas coa normalización da lingua.

Deste xeito tentaremos relacionar o traballo na aula co Proxecto Lector do Centro, a Biblioteca e as actividades de promoción da Lingua Galega realizadas polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística (ENDL).

DURACIÓN ESTIMADA:

Realizaremos a experimentación desde o día 17 de xaneiro ata o 4 de marzo, o que supón 7 semanas de traballo con cada grupo, con tres sesións semanais. Na maioría das sesións dedicaremos arredor de 20 minutos á aplicación do proxecto (sempre que o comportamento do grupo o permita).

RECURSOS UTILIZADOS:

- I. Recursos da Rede

Páxina web do proxecto:

<http://lingueliteraturagalega.webnode.es/>

A entrega do material que o alumnado vai realizar, farase as máis das veces, enviándoo ao correo electrónico que aparece na webnode: lingueliteraturagalega@gmail.com

Detallamos a continuación os recursos da rede que utilizaremos en cada un dos

espazos onde poderemos vivir *A aventura de falar, ler e escribir no IES de Pastoriza*:

- **Na aula. Recursos:**

Diccionario Do Cumio da lingua galega. Aínda que nestes momentos hai que estar rexistrados para poder realizar as consultas, sabemos que en breve haberá unha versión libre para os centros educativos: www.digalego.com/diccionario/html/index.php?

Diccionario da Real Academia Galega (RAG), que debemos utilizar con coidado xa que non está actualizado con respecto ás normas de 2003: www.edu.xunta.es/diccionarios/index_rag.html

Diccionario Visual dirixido principalmente ao alumnado estranxeiro, que mediante a utilización de diferentes láminas e recursos léxicos pretende facilitar a aprendizaxe do léxico básico da lingua galega: www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/

Exercicios de Morfoloxía clasificados en categorías gramaticais con solucións, o que facilita o traballo individual: www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/morfoloxiaexercicios.html

Exercicios de Sintaxe, cun apartado de “axuda” con teoría sintáctica e as solucións das análises a realizar: http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/analise.htm

Exercicios de Ortografía 1: http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/ortografia.htm

Exercicios Ortografía 2: <http://www.rosasalgueiro.com/2eso/orto.htm>

Mapas de xeografía de Galicia coas provincias, as comarcas e varios niveis de dificultade: www.xtec.net/~ealonso/flash/mapasflashga.htm#galecia

Europa, unha realidade plurilingüe, presentación en Slideshare sobre a Europa das linguas: cadernodelingua.wordpress.com/2007/12/06/europa-unha-realidade-plurilingue/

Arquivo sonoro da lingua, que nos permite escoitar falantes de diferentes zonas dialectais, e inclúe documentos de son da nosa lingua:

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php>

Galicia Encantada, páxina coa historia da Galicia imaxinaria: mitos, lendas, ritos, contos, romances e aventuras que se resisten ao esquecemento e que seguen vivindo na nosa memoria colectiva: <http://galiciaencantada.com/index.asp?rsl=1024>

Son de poetas, un proxecto dos grupos de lingua galega e literatura e do Equipo de Normalización do IES David Buján de Cambre, A Coruña, que nace coa intención de aproximarnos á poesía galega desde a música: <http://sondepoetas.blogspot.com/>

Biblioteca Virtual Galega, páxina de busca fundamental para consultar autores, obras, biografías, títulos: <http://www.bvg.udc.es/index.jsp>

Autores Galegos, que acolle documentación virtual, textual e outras bases de datos en relación cos autores galegos ou aqueles cuxa obra pode verse en relación con Galicia: <http://www.autoresgalegos.org/>

Letras Galegas. Cada 17 de maio Galicia honra as súas Letras e a súa Lingua e neste portal atopamos a historia, os autores homenaxeados e a súa obra :

<http://www.diadasletrasgalegas.com/>

- **Na aula. Xogos:**

O Preguntoiro, xogo de preguntas e respostas onde poden participar entre un e catro xogadores. Hai tres modalidades de xogo: estándar, desafío ou maratón: www.edu.xunta.es/preguntoiro/index.html

O Aforcado, onde tes que adiviñar a palabra agochada, dicindo as letras que cres que ten. Tes 5 oportunidades, antes de que queimen o Meco (por cada letra que non estea na palabra, subirá o lume da fogueira): www.edu.xunta.es/contidos/xogos/aforcado/aforcado.html

Encrucillados: www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/pasatempos/encruc/1.htm

Sopas de letras: www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/pasatempos/sopas.htm

Fórmula 20, xogo de preguntas e respostas onde iremos avanzando posicións cun coche de carreiras: www.edugaliza.org/dsc/letras2007/index.html

Trivialingua, con preguntas sobre a nosa lingua: mais.vieiros.com/ciberlingua/trivialingua.php

O Rato Paco, figura creada polo equipo de Novas tecnoloxías do CEIP de Palmeira, ofrécenos diversas actividades realizadas coa aplicación Ardora: centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/rato_plant02.htm

O Fervello, once xogos moi básicos cos que se pretende fomentar e desenvolver a capacidade de aprendizaxe nas principais áreas e habilidades: memoria, atención, coordinación, asociación, razoamento, discriminación... Os protagonistas son Fervello (un morcego), Fuco (un neno), Xana (unha nena) e Farragús (un can): <http://www.edu.xunta.es/xogaconfervello/>

Trivial Galego, unha forma de achegármonos á nosa literatura, á nosa historia, á nosa xeografía... Este é un xogo tipo trivial pensado co obxectivo de contribuír a galeguización do espazo do lecer: www.as-pg.com/trivial.gz/ShowAuthentication.do

CataPalabras, xogo no que poden participar de dous a catro xogadores que consiste basicamente en que cada quen escriba palabras que encaixen en certas categorías elixidas ao azar (froitais, animais etc.) e que comecen por unha letra determinada obtida tamén aleatoriamente a través dun dado de vinte caras. O obxectivo é conseguir a puntuación máis elevada posible, que dependerá da cantidade de palabras correctas que se escriban e do número de persoas que escriban a mesma palabra, xa que as palabras repetidas non puntúan: www.as-pg.com/catapalabras/instructions.htm

A Curuxa, divertimento baseado no xogo da oca que permite practicar partidas individuais de preguntas e respostas en galego. Consiste en lanzar o dado e ir movendo a ficha ao longo dun taboleiro virtual en espiral formado por diferentes cadros. Algunhas desas casas teñen asociadas accións especiais como bonificacións ou castigos: www.as-pg.com/curuxa/ShowAuthentication.do

Letrados, xogo que consiste en formar palabras de dúas ou máis letras e colocalas no taboleiro cuadrulado (15x15), horizontal ou verticalmente, de xeito que poidan ser lidas de esquerda a dereita ou de arriba a abaixo. Despois da xogada inicial, cada palabra débese ligar con algunha das que xa están no taboleiro: www.as-pg.com/letradas.gz/ShowAuthentication.do

- **Na Biblioteca:**

Portal da Biblioteca, que nos permite consultar as novidades, os libros máis empréstados, a cultura na prensa e as noticias da bisbarra. Co número de lector accedemos a numerosos recursos educativos. Para entrardes premede o código de usuario **0** e o contrasinal convidado: <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED024>

Consulta no catálogo: Queres saber se hai un libro na Biblioteca? Necesitas consultar cantos exemplares hai dispoñibles? Precisas levalo empréstado ou queres facer unha reserva do exemplar? Preme neste enlace: www.opacmeiga.rbgalicia.org/BuscaAvanzada.aspx?CodigoBiblioteca=CED024

Club de Lectura onde se pode descargar o material elaborado por este grupo de traballo enlazando coa páxina web do IES de Pastoriza: <http://centros.edu.xunta.es/iesdepastoriza/?q=category/22/120>

- **No Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística:**

Linguagalega.TV é un espazo que produce contidos televisivos que promoven o uso e o coñecemento da lingua e cultura galega e elabora unha programación que reflicte diversas accións de promoción da nosa lingua: <http://www.falemostv.com/lingua/index.php?v=C1P1>

O Galego, o noso medio natural. A lingua e a natureza son dúas realidades que definen Galicia, que identifican a nosa terra, e que nestes momentos precisan do noso alento. Este é o obxectivo fundamental desta campaña: <http://www.coordinadoraendl.org/galegonatural/index.php>

Orgullosos do noso, orgullosos do galego. Campaña coa que mostramos o orgullo que temos pola nosa lingua. Sexa cal sexa a cor da nosa pel, onde nacemos, de quen veñamos sendo, ou se nos gusta máis a lúa ou o sol, somos moitos os que estamos orgullosos de termos unha lingua propia: <http://www.coordinadoraendl.org/orgullo/index.php>

Correlingua: o 4 de maio, na Coruña participaremos nesta carreira pola lingua. Neste enlace temos toda a información do evento, así como as bases para participar en diferentes actividades: <http://www.correlingua.org/main.aspx>

II. Recursos e aplicacións multimedia creados.

Vídeo do programa *Ben falado* que nos ensina as voces dos animais.

Vídeos titulados: [Queremos galego](#) e [Para que serve o galego](#), para traballarmos aspectos sociolingüísticos.

*Non podo enviar nesta carpeta os vídeos das voces de animais porque comprimidos pesan 228 Mb.

III. Material complementario: en PDF.

ACTIVIDADE EN PDF	NA WEBNODE
A casa encantada	Para escribirmos
Adiviñas	Para falarmos
Animais	Para falarmos
Como se fai un exame	Para escribirmos
Ecolingüismo	Para falarmos
O achado do castro	Para lermos
O achado do castro test	Para lermos
O corpo	Para lermos
O xogo de escribir poemas	Para escribirmos
Obxectos	Para lermos
Perdidos na lúa	Para falarmos
Perdidos no mar	Para falarmos
Trabalinguas	Para falarmos
Unha aventura no Monticaño	Para escribirmos
Unha historia de intriga con asasinato	Para escribirmos
Unha historia de intriga con secuestro	Para escribirmos
Xurxo xa dorme	Para escribirmos

IV. Material para a avaliación da unidade.

A idea é realizarmos unha avaliación:

- da oralidade : valorando a participación na aula nas actividades de debate, discusión, confrontación ou descrición.
- das lecturas: coa realización exercicios individuais e grupais. Neste sentido será importante a lectura do trimestre, xa que é unha obra teatral que se titula *O achado do castro*.
- da escrita: corrixindo os textos elaborados. A partir da explicación dos “textos de comunicación persoal” algúns destes textos serán realizados no ultraportátil e enviados posteriormente por correo electrónico (marcámolo na táboa do seguinte epígrafe). Outros realizaranse en papel, e algúns presentaranse en Testmoz ou Google Docs. Corrixidos os resultados o alumnado máis destacado representará ao centro no concurso de relato breve da Coca-cola.

Ao finalizarmos o proxecto colgaremos unha avaliación final en Google Docs ou en Testmoz.

DESENVOLVEMENTO:

A partir do día 17 de xaneiro combinaremos o traballo co libro de texto, con este proxecto. A webnode servirá como complemento e reforzo á materia explicada previamente. Marcamos en negriña as actividades que o alumnado rematará na casa:

SEMANA	LIBRO DE TEXTO	WEBNODE
1	O verbo 1	Recursos: Exercicios de morfosintaxe.
	O verbo 2	Para escribirmos: Xurxo xa dorme.
	O galego e as leis	Para falarmos: <i>Para que serve o galego e Queremos galego.</i>
2	Puntuación	Recursos: exercicios de ortografía 1 e 2. Xogos.
	Cohesión textual	Para escribirmos: <i>Como se fai un exame.</i>
	Lectura <i>O achado do castro</i>	Para lermos: <i>O achado do castro.</i> Xogos.
3	<i>Un vampiro en Galicia</i>	Para escribirmos: A casa encantada.
	A comunicación persoal	Para escribirmos: os e-mails. Comeza o envío de tarefas.
	Léxico do parentesco	Recursos: uso do dicionario e actividade en J-Clic.
4	Oracións e actitude do emisor	Para escribirmos: Unha aventura no Monticaño (e-mail).
	Interferencias lingüísticas	Para falarmos: Ecolingüismo.
	Puntuación	Recursos: exercicios de ortografía 1 e 2.
5	Cohesión textual	Para escribirmos: <i>O xogo de facer poemas.</i>
	Lectura <i>O achado do castro</i>	Recursos: mapas de Galicia. Para lermos: <i>O achado do castro.</i>
	<i>A doniña cerva</i>	Recursos: Galicia Encantada.
6	Construír un texto	Para escribirmos: Unha historia de intriga (e-mail).
	Léxico da paisaxe do mar	Para falarmos: <i>vídeo e diapositivas de animais.</i>
	A frase e o modificador	Recursos: exercicios de sintaxe.
7	A pluralidade lingüística	Recursos: Europa, unha realidade plurilingüe.
	Maiúsculas e minúsculas	Recursos: exercicios de ortografía 1 e 2.
	Conectores	Para falarmos: <i>diapositivas do corpo e de obxectos.</i>

Se nalgunha das sesións o alumnado remata a actividade, poderá utilizar os **Xogos**.